

ACTA

En Arzúa, a 21 de xullo de 2016.

Sendo as 10.07 horas, reúnense no Salón de Comisións, dentro da Casa do Concello, os seguintes membros –integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a proba teórica do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para a provisión dun posto de traballo de **auxiliar da Emisora municipal de radio**, cuxa contratación laboral temporal –por un período de dous meses e medio- acordouse realizar a través das Bases aprobadas por decreto ditado polo alcalde o día 23 de xuño de 2016; A saber:

* Presidente: don Armando Cascón Rodríguez, *director da Emisora municipal de radio*.

* Secretario: don Manuel Gerbolés Fernández, *conserxe condutor e axente-recadador do concello de Arzúa*

* Vogais:

-Don José Ramón Bernárdez Sexto, *auxiliar da Emisora municipal de radio*.

-Don Ramón Torreiro González, *encargado da Biblioteca Municipal*.

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, –de conformidade co disposto no artigo 26, nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, o presidente procedeu a declarar constituída dita comisión, co obxecto de valorar o primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición convocada, cuxo exercicio –segundo se dispón na Base Décima- *consistirá en expoñer ante a Comisión Seleccionadora unha programación de radio, presentada coa solicitude de participación no procedemento de selección, durante un tempo de dez minutos como máximo, que será valorada ata 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio o obter un mínimo de 5 puntos*.

Atopándose fóra do Salón de Comisións os aspirantes interesados nesta contratación, chamouselles polo orde de presentación das súas solicitudes, para que realizasen esta proba teórica de que constaba a oposición.

E así, unha vez que os citados aspirantes expuxeron a programación da radio que presentaran xunto coa súa solicitude, durante un período de tempo de dez minutos.

Por unanimidade dos catro membros integrantes da Comisión Seleccionadora, acordouse outorgar as seguintes puntuacións:

	Nome e apelidos	Proba teórica
1	Angel Boquete Vilariño	3
2	Noemía Moar Muiño	5
3	Angel Gago Montaña	3
4	María Dolores Presas Taboada	3,5
5	Veronica Mouriño Sesto	6

6	Miguel Angel Facal Rodríguez	5
7	Lucia Soledad Abarrategui Amado	6
8	Carlos Antonio Gómez Mariño	4
9	Mary Carmen Vivas Acosta	5
10	Nino Blanco López	3
11	Victor Iglesias Noya	3,5
12	Miguel Conde Conde	5
13	Daniel Torres Vilela	5
14	Xosé Ramón López Sánchez	3
15	Javier Cortiñas Alonso	4
16	Daniel Regueiro Varela	6
17	Sergio Pascual Espinilla	6

En consecuencia coas puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos 17 aspirantes, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

Segundo.- Facer saber aos aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 5 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así ven especificado na Base Décima das que rixen a oposición.

Segundo.- Convocar aos aspirantes que superaron a proba teórica, para que comparezan a realizar a **proba práctica** de que consta a oposición **o vindeiro día 26 de xullo (martes), nas instalacións da Emisora municipal de radio, ás 10.00 horas, sita na rúa Padre Pardo, nº 33, piso 1º.**

Co cal douse por rematado o acto, ás 11.55 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionada e para constancia no expediente; do que dou fe.